

27-3-2007	16.00-21.30 h	-Introdución aos biocidas. Lexislación de aplicación. Desinfección: produtos utilizados. Raticidas para ratas e ratos. Insecticidas e acaricidas.
29-3-2007	16.00-21.30 h	-Hixiene e seguridade no manexo e aplicación de praguicidas. -Vías de penetración dos praguicidas no organismo. Criterios de prevención de intoxicación por praguicidas. Condutas para seguir no caso de intoxicación. -Prácticas primeiros auxilios: como colocar o intoxicado, masaxe cardíaca.
10-4-2007	16.00-21.30 h	-Saúde laboral. Riscos. Precaucións e normas de seguridade. Equipamentos de protección persoal (EPI). Protección dos pés, das mans. Protección do corpo e da cabeza. -Práctica: tipos de máscara, protectores oculares, luvas.
12-4-2007	16.00-21.30 h	-Prácticas: preparación de disolucións de produtos. Uso adecuado dos medios de protección persoal. Boas prácticas de almacenamento de praguicidas. Interpretación de pictogramas e etiquetas. Tipos de boquillas. Tipos de cebos. -Funcionamento de equipamentos: nebulizadores, atomizadores, pulverizadores, empoadores.
17-4-2007	16.00-22.30 h	-Manipulación de praguicidas. Transporte, almacenamento, distribución e venda. Lexislación de aplicación. -Práctica: caso práctico. -Proba de avaliación (1 h).

12. Certificado de superación do curso.

É obrigatoria a asistencia a todas as sesións do curso. Rematado este, a entidade organizadora realizará as probas pertinentes que avalíen os coñecementos adquiridos polos alumnos e en caso de superalas expedirá o certificado correspondente co que poderá solicitarlle á Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade o carné de aplicador/manipulador de praguicidas de uso ambiental e na industria alimentaria, nivel cualificado.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2007.

Ramón Medina González-Redondo
Director xeral de Saúde Pública

ANEXO

FICHA DE SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

Curso de aplicador/manipulador de praguicidas de uso ambiental e uso na industria alimentaria, nivel cualificado.

Entidade organizadora: *Biocontrol e Calidade Alimentaria, S.L.U.*

Data: 1, 6, 8, 13, 15, 20, 22, 27 e 29 de marzo e 10, 12 e 17 de abril de 2007.

Lugar de realización: aula de formación da E.U. de Formación do Profesorado de EXB de Vigo. Estrada de Madrid, 8, 36200 Vigo.

Duración: 60 horas teórico/prácticas e 1 hora proba de avaliación.

Horario: das 16.00 ás 21.30 h.

Nº máximo de alumnos: 30.

Prezo: 560 € que se ingresarán na conta *Biocontrol, S.L.* do BBVA co número 0182-2201-47-0201553579.

Inscrición: enviar ficha de solicitude xunto co xustificante de pagamento a *Biocontrol*, avda. Fernández Latorre, 5-9, 2º oficinas 6-7, 15006 A Coruña ata o día 23 de febreiro de 2007.

Teléfono: 981 24 54 18.

Fax: 981 16 81 59. Correo electrónico: biocontrol@biocontrolbel.com

As inscricións realizaranse por rigorosa orde de chegada de solicitudes.

Empresa
CIF
Enderezo
Localidade
Teléfono Fax.....
Correo electrónico.....
Apelidos
Nome
NIF

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Corrección de erros.-Orde do 28 de decembro de 2006 pola que se convocan as subvencións que se poderán outorgar no exercicio 2007 ao abeiro do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, que regula o programa de vivenda en aluguer.

Advertido erro no texto da mencionada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia*, nº 3, do xoves 4 de xaneiro de 2007, procede facer a seguinte corrección:

Na páxina 143, onde di:

Meses	Importe exercicio 2007	Meses	Importe exercicio 2008
Xaneiro-decembro	592.500,00 €	-----	€
Decembro-decembro	49.375,00 €	Xaneiro-novembro	543.125,00 €

Debe dicir:

Meses	Importe exercicio 2007	Meses	Importe exercicio 2008
Xaneiro-decembro	592.500,00 €	Xaneiro	5.000,00 €
Decembro-decembro	49.375,00 €	Xaneiro-novembro	538.125,00 €

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 30 de xaneiro de 2007 pola cal se fan públicos os criterios de participación nas actividades docentes da Escola Galega de Administración Pública.

O Consello Reitor da Escola Galega de Administración Pública ten atribuída, entre outras facultades, a de establecer as bases e condicións xerais de participación e acceso aos cursos ou actividades que convoque a Escola, de conformidade co establecido no artigo 6.6º da Lei 4/1987, do 27 de maio.